

Ramón

Fernández



DELFIN CASEIRO NOGUEIRAS

Biografía, consultar «Raigame» nº3.



RAMÓN FERNÁNDEZ PÉREZ

MAGARELOS (ALLARIZ) - 1916 - 1944.

2,40 m. de altura, 150 Kg. de peso, un 56 de pé.

Delfín Caseiro Nogueiras

Ourense, a 8 de Abril de 1997, 53 anos transcorridos desde o pasamento do Monchiño.

A sua história non perdeu nas enciclopedias mais fica especialmente gravada na memoria de veciños de Magarelos (Allariz) e de Lampaza ou Ludro (Rairiz da Veiga), así como dos parentes de Fontao (Allariz), que compartiron con el tempos de calamidade e de glória. A súa figura imponente e ben proporcionada –coincidencia nos informantes– permanece nos ollos de cantos tiveron ocasión de presenciá-lo; primeiro, en terras de Allariz; despois, en distintas zonas da provincia de Ourense e tamén na capital; finalmente, noutras cidades de Galiza (Vigo, Lugo) e en boa parte das cidades da metade norte da península.

Durante anos, o Monchiño foi literalmente un espectáculo, home-espectáculo ou home-actuación, fenómeno social, con importantes beneficios económicos para el e para os seus promotores e acompañantes.

No bar *O Palleiro* de Lampaza exhibense, en lugar ben visíbel, unha fotografía na que aparece o Monchiño e un dos zapatos que utilizaba, definido pola creatividade popular desta maneira:

“o zapato do Monchiño serve para berce de meniño”.

Ramón Fernández Pérez naceu en Magarelos o 26 ou o 30 de Agosto de 1916 (aparece asen-

tado no rexistro civil de Allariz con data de 1 de Setembro). Seus pais, Xermán e Concepción, eran labregos; ela, natural de Fontao; el, de Magarelos. Seu irmán Venancio, que librara do servizo militar por non dar a talla, morrera despois na guerra civil ao ser recrutado. Tamén o Ramón librará do servizo militar, por exceder dos 2 metros de talla. Unha irmá, Xúlia, a única que deixou descendencia, viviu até hai moi pouco tempo.

A casa familiar, como case todas na época, era moi humilde: practicamente de planta baixa, coa traseira metida nunha grande rocha, aproveitando unha parte do baixo para a corte dos animais.

O pai non tardou en marchar para Cuba e desentender-se da muller e dos tres fillos. Nunca máis se soubo del até que, vello e pobre, regresou a Magarelos para morrer (daquela xa morreran o Venancio, o Monchiño e a Concepción). A mai vira-se empurrada a pedir polas casas da zona e mesmo polas da Límia na procura de unha axuda coa que aliviar a fame que pasaban (nen sequera podían cegar).

Magarelos, lugar da parróquia de San Trocado no concello de Allariz, está encostado no monte o Outeiro do Piñeiro e situado á altura da verea que comunicaba Allariz e Celanova, transitada particularmente polos arrieiros e polos zapateiros de Allariz que se desprazaban á vila veciña para facer traballos de encarga. Por riba de Magarelos, a verea afundia-se entre leiras e toxearas, o que propiciaba as bromas dos rapaces que, aborrecidos mentres gardaban o gando, botaban terra e frouma sobre as cabezas dos viandantes provocando o natural enfado.



O zapato do Monchiño, exposto no bar "O Palleiro" de Lampaza.

Quen nos conta todo isto é Rodrigo Ferreiro González, máis coñecido como o Sotil, de 83 anos, compañeiro de escola e de xogo do Monchiño, un dos sete veciños que seguen morando en Magarelos; en tempos do Monchiño chegou a haber 16. O Monchiño e o tío Rodrigo estudaran xuntos na Portela. O tío Rodrigo lembra un rapaz delgado como unha frauta e picando a alto, queixando-se sempre coa

fame; frecuentaba a casa farturenta dos Sotil onde rillaba nas castañas como un descosido; grande xa, collia-as no canizo sen necesidade de erguer os brazos; unha presada delas chegaba para todos os presentes. O tío Rodrigo, que participa na guerra civil e resulta ferido na batalla de Teruel, volvería ter, anos máis tarde, unha estreita relación co Monchiño cando se tivo que ocupar de por-lle durante meses as inxeccións, para combater a afección de tuberculose que padeceu.

Outra veciña de Magarelos, Benigna Domínguez Ferreiro, aínda o ve, coa súa actitude indolente, sentado durante horas



Á esquerda, casa familiar, substancialmente modificada, na que naceu, morou e morreu o Ramón. Magarelos.

N.º 3210917 / 96

En Allariz, a las doce horas del día veintinueve de septiembre de mil novecientos dieciséis.

Yo, Juan Manuel Quintas Secretario, comparecí a D. Agustín Fernández Ferrás de trabuco y Otero viudo de Yolanda Casado labrador con su cédula personal que exhibió y recogí para que se inscriba en este Registro civil un niño, y como padre del mismo declaró que dicho niño nació en la casa del coronado de las garzas el día veintinueve de septiembre de este año último a las diez y ocho horas.

Que es hijo legítimo del matrimonio que celebró Dona Concepción Pérez viuda natural de Don José de la Cruz y vecino de Magarinos destruata y dos años.

Que es nieto por línea paterna de Don José Ferrás y Doña del Ferrero naturales de Porjusos y ella padres respectivamente.

Y por la materna de Don Manuel Pérez y Doña María naturales de Porjusos y ella respectivamente.

Y que al expresarse niño se le puso el nombre de Ramón.

Fueron testigos presenciales D. Ramón Ferrás y D. Antonio Pérez mayores de edad y de esta villa.

Leída íntegramente esta acta a las personas que debían suscribir la se adhirió con el de este Juzgado, firmándola el Sr. Juez, testigos y actuante.

Juan Manuel Quintas
Antonio Pérez
Ramón Ferrás

Partida de nacimiento do Monchiño. Rexistro Civil de Allariz.

Berraba moito pola mai pedindo-lle comida ou auga. O tío Rodrigo recorda frases tan singulares como "torne-me as moscas, madre!". Tamén acostumaba escapar da casa e a mai tiña que andar berrando polos camiños na sua procura. Contodo, a xente non se metía nunca con el.

Debeu comezar a medrar con forza aos 14 ou 15 anos. Ao primeiro dormía enguruñado na cama de medidas normais; un día dixo-lle á mai que non quería seguir dormindo así; dito e feito; deitou-se, estirou-se completamente e a estrutura veu-se abaixo. Ese día acordaron construír-lle un leito novo, axustado á sua medida.

no laxón que hai diante da casa familiar.

Todos manifestan que era moi ben parecido; non tiña barba e conservou durante toda a vida os dentes de leite, moi ben feitos. Uns afirman que era intelixente e moi falador; outros presentan-no como desleixado e infantil. Case sempre manifestaba unha grande desgana, apatía, decaimento; achacaba-se-lle á debilidade que padecía nas pernas, dada a deficiente alimentación (desde que comezou co espectáculo, tiña moita máis axilidade e fortaleza).

Rodrigo Ferreiro González, O Sotil, amigo e "enfermeiro" do Monchiño.



Na feira de Allariz logo se converteu en atracción permanente desde que ali chegaba. Ollaba para a xente que o contemplaba pasmada e espetaba-lle: “que carallo me mirades!?” Refire o tío Rodrigo –máis unha vez– que gostaba moito de dicir “carallo!”.

Os nenos comezaron deseguida a anunciar a súa presenza: “– aí ven o xigante! mira como lles toca coa man aos tellados das casas e dos canastros!”.

A vida do Monchiño mudará radicalmente o ano que decide ir traballar ao Ribeiro na cava das viñas. O descanso dominical leva-o a Ourense onde se pára a presenciar o espectáculo que con unha foca presentaba un portugués. Cando o Monchiño levantou a vista, percibiu que todas as olladas estaban cravadas nel. Tamén a do portugués, quen lle propón ao instante que se incor-

pore á “compañía” para percorreren xuntos a península. Outras informacións sinalan que a súa etapa de home-espectáculo comezou con un tal don Paquito, anano, unha especie de empresario circense, que se dedicaba a alugar locais para montar espectáculos, e que inicialmente saía ao escenario xunto co Ramón; personaxe singular e moi influente no Ourense daquel tempo; tiña dúas fillas mozas que chamaban a atención polo seu extraordinario tipo.

Fose como fose, o verdadeiro promotor había ser o seu primo Ricardo Pérez Lorenzo, natural de Fontao, que no ano 1941 casaría con Rosa Muiños Feijoo, veciña de Lampaza, localidade na que segue residindo na actualidade. Ricardo morrería aos 71 anos, en 1980.

A tia Rosa, con 79 anos, avoa do

proprietario do bar O Palleiro que accedeu xenerosamente ás nosas demandas, abre-nos cordial as portas da súa lúcida e rica memoria e ofrece-nos desinteresada a valiosa documentación xeográfica que garda como un tesouro. O Ricardo coincidirá na guerra co Xosé, irmán da tia Rosa, e fixeran-se moi amigos. O Ricardo comezou a escribir-se con ela, que non lle quería contestar; ao cabo acabou facendo-o, a instancias do irmán.

O Ricardo e o Monchiño principiaron a súa sociedade no ano 39. A recadación, deducidos os gastos, repartía-se entre os dous ao 50%. Cada un pagaba coa súa parte os empregados que contrataba. O Ramón levou contratado durante anos un primo de Fontao, David Pérez González, para que lle fixese compañía e para que o atendese no que precisaba. Tamén contratou a Xosé Domínguez Ferreiro, veciño de Magarelos (a súa viúva reside aínda aquí).

Nas primeiras saídas alugaba-se un local para a montaxe do espectáculo; a afluencia de xente aumentaba de tal maneira que logo resultou difícil encontrar locais con tanta capacidade. A solución, facer-se con unha carpa, como a de un pequeno circo, mais suficiente para acoller unhas 300 persoas.



*Rosa Muiños Feijoo,
a primeira pola esquerda.*

Na planta baixa desta casa, hoxe abandonada, estivo a concorrida taberna do Ricardo e da Rosa. Lampaza, á beira da estrada.



A temporada –duraba seis meses, desde Abril até Outubro– organizaba-se de modo que a estancia en cada localidade coincidise coas festas patronais e non houbera necesidade de ter que regresar á casa até a conclusión.

Soía-se comezar en Astúrias; conta a tia Rosa que era onde máis tempo paraban; a Oviedo, Xixón, Sama de Langreo, Llanes e outras moitas localidades acudían todos os anos. O percorrido continuaba por León, Paléncia, Miranda de Ebro, Burgos, Bilbao, Zaragoza, Calatayud, Barcelona, Reinos, Santander, Segóvia, Madrid,... A única cidade galega que viu o espectáculo foi Lugo, durante unhas festas do San Froilán. En Ourense non se organizou nunca pois consideraba-se que o Monchiño xa era aquí moi popular.

As viaxes facían-se en tren ou en coche de liña; a carpa transpor-

taba-se nun camión contratado. Desde o momento en que se chegaba á localidade de destino, o Monchiño non puña un pé fora da carpa. Nela pasaba as vinte e catro horas do día: ali comía, dormía e mataba o tempo até o comezo das actuacións; as ocupacións eran ler, escribir e conversar ocasionalmente cos seus acompañantes (Que pensamentos habitarían a súa mente durante eses longos períodos de tempo!?).

O espectáculo era exclusivamente el. O Ricardo facía a solemne presentación: “Monchiño, o home máis grande do mundo!” Datos persoais do protagonista; relación das medidas máis chamativas, así como a dos alimentos e bebidas que constitúen a súa alimentación diaria; gabanzas a respecto do seu carácter e do seu comportamento. Con antelación, a propaganda inserida en xornais e medios radiofóni-

cos exaxerara algo as súas dimensións e a súa ración diaria.

A seguir, saída espectacular e estelar do Monchiño que aparecía por entre o longo cortinado que ocultaba o recinto que constituía a súa morada durante seis lentos meses do ano. Entraba con andar pausado, calmoso, como arrolando-se ou bambeando-se, con grandes oscilacións laterais do seu enorme corpo (tiña unha perna máis curta que a outra), elegantemente vestido, con traxe confeccionado á medida e sempre do mesmo pano e coa mesma feitura que o do Ricardo. Os acenos e manifestacións de asombro debían suceder-se durante minutos.

O Monchiño sentaba, entón, nunha cadeira e erguía-se varias veces, aproveitando os intervalos en que permanecía dereito para mostrar ostensiblemente as mans e os pés. A súa man cobraba com-

pletamente unha peza de pan. Saudaba educado e facía un breve relatório biográfico incidindo sobre todo nas fames da infancia e da adolescencia.

O Ricardo animaba logo ao máis alto dos presentes para que saíse ao escenario a medir-se co Monchiño; nunca apareceu ningún que lle sobrepasase o peito. Median-se tamén mans e pés; a man dos que subían para confrontá-la coa do Monchiño só chegaba á base dos dedos deste. Comparaban-se pernas, brazos,....

A tia Rosa que, tras o matrimonio co Ricardo, se incorporou ao grupo e participou en toda a temporada do 41 ocupando-se das entradas –os fillos (3) apartarían-na despois do espectáculo– lembra ben a afluencia masiva de público ás actuacións. As localidades do pavillón enchían-se sesión tras sesión –eran moitas as que se facían cada xornada– ao longo dos días que duraban os

festexos. Os adultos pagaban unha peseta; nenos e soldados, 50 céntimos. A tia Rosa manifesta que era bastante frecuente superar as 500 pesetas de caixa por día. Eran tempos de fortuna e fartura para eles, nunha sociedade necesitada de evasión e empeñada en enterrar misérias e feridas da posguerra.

Foron seis temporadas intensas –de 1939 a 1944– marcadas polo éxito. Só nunha ocasión houbo un incidente que supuxo unha certa diminución de asistentes durante a temporada seguinte: o Ramón, algo desasosegado, dera-lle con un caxato a un rapaz que axecaba por unha xanela.

O Monchiño non quería ficar só nunca; nen sequera cando acudía co Ricardo á consulta médica –duas veces por ano para controlar o crecemento; no camiño reiteraba-lle: “-non me deixes só co médico, que me mata para investigar”. Un doutor seica lle dixo que cando parase de medrar

morrería; todos coinciden en sinalar que morreu medrando. Había grande controversia verbo da súa sexualidade: mentres el rexeitaba todo ofrecimento, fose físico –profesionais do sexo que eran levadas ao seu recinto–, fose romántico –adolescentes que se enamoraban perdidamente del en cousa de minutos–, había quen sostíña que as relacións sexuais constituían unha terapia decisiva para a súa sobrevivencia. O certo é que non hai constancia de que tivese nengunha relación amorosa nen nengunha experiencia sexual. Contodo, unha vez, estando na casa dos Sotil, manifestara que el tamén quería ter unha moza ao tempo que miraba con ollos pícaros para unha das rapazas ali presentes; tamén gostaba de tocar-lles as pernas ás mozas que o observaban desde os corredores durante as festas de Corvillón.

Entre temporada e temporada sopesaban-se e intentaban-se novas posibilidades. Un ano foi levado a Vigo co fin de explorar as súas aptitudes puxilísticas; a experiencia non pasou do cartaz anunciador e do debuxo en posición de combate que ilustran a fotografía.

Tamén se chegou a falar de unha oferta de 2 millóns de pesetas para percorrer Norteamérica durante un ano, mais os médicos desaconsellaran a viaxe.



*Zapato do Monchiño,
un 55 “esparramado”.*



De esquerda a dereita, Ricardo Pérez Lorenzo, David Pérez González, o Monchiño e Xosé Muiños Feijoo.

Inclusive lle mercaron un acordeón para amenizar a súa actuación, pero non lle daba nengun xeito.

No mes de Outubro o Monchiño retornaba a Magarelos onde pasaba outono e inverno.

Xoán Bautista (73 anos; estivo 42 no Brasil), Raimundo (75 anos; pasou 38 no Brasil) e Eduvixes (82 anos; non saíu do lugar) Pérez González, irmáns do David e curmáns do Monchiño, residen en Fontao na mesma casa onde, sendo nenos e mozos, pasaron xuntos moitas tardes. Tarde outoniza, de castañas asadas na lata sobre a lousa do

chan e de viño tinto novo e fresco, que transcorre en espléndida paraxe, debuxada polas casas de pedra vella confundindo-se coa cor amarela da túnica dos castiñeiros que cobre canas e chan. Hospitalidade afábel e aberta conversa fluída sen receos. O primeiro que manifestan é que o Ramón non era de moito comer, que lle gustaba máis o viño. Sentaba case sempre na maseira do pan, que se lle axeitaba bastante ben.

Un hotel de Ourense chegara a ofrecer-lle 25 pesetas de soldo ao día, manutención e aloxamento, só por ficar durante unhas horas á porta do establecemento.

Lembran-no alegre e moi rideiro, intelixente e moi falador. Tocaba unha fruta de bambú que el mesmo construíra. O Ramón non era amigo de ir ás feiras nen ás reunións de mozos e mozas nas tardes dos domingos, nos fiadeiros ou nas tarefas agrícolas comunais. A perna máis curta acabou amolando-o ben e obrigou-no a ter que andar con un bastón. A xente respeitaba-o, non se metía nunca con el.

Os meses do frío rendían e había tempo para todo. Ás veces, o Monchiño achegaba-se até Lampaza, a onde se dirixía seguindo o camiño do monte desde Corvillón (9 quilómetros).

Facia o traxecto nunha besta. En Lampaza pasaba o máis do tempo na taberna do Ricardo e da Rosa, sentado comodamente na barra; a taberna era o centro de reunión lúdico do lugar e da zona; os mozos marchaban dela a todas as horas da noite para encher de cantos e esgutos todos os camiños do monte.

A memoria volve aos paseos dos domingos pola estrada e aos bailes con acordeón e pandeireta na aira até entrada a noite; e tamén á feira da Pereira ou á festa da Ascensión na Feiranova que convocaban a toda a mocidade da volta –daquela habia en Lampaza 18 mozos e 21 mozas; nos outros lugares as cifras eran moi similares– para baleirar as pipas de viño e as garrafas de xerez dos taberneiros. A tia Rosa non pode evitar a comparanza entre as festas das cidades que ela visitara –duraban até altas horas da noite– e as das aldeas, que se celebraban só durante o día, tendo as mozas que retirar-se ás casas ao caer a noite.

En Magarelos, o Monchiño non facia nada. A mai pedía-lle que a acompañase a tornar a auga para regar; el dicía-lle que iría se ela lle tornaba un pouco as moscas. Outras veces tamén se paraba diante dela e soltaba-lle: “– mamá, ven que te ergo para che dar un beixo”.


Certificado de defunción do Monchiño, expedido polo Rexistro Civil de Allariz.

O tío Delfin o “Zapateiro”, irmán da señora Rosa, veciño de Ludro, andou dous anos co Ricardo, mais non coincidiu no espectáculo co Monchiño, aínda que o coñeceu ben. Chamara-lle a atención a súa voz bonita e arrogante. Define-o como “algo rapaceiro”; comenta que non se lle podía deixar ver a sobremesa, porque era o único que quería comer e non probaba outra cousa. Ao parecer, habia moita xente á expectativa para intentar contratá-lo.

O Ricardo incorporara ao espectáculo un rapaz da parte de

Verin; tiña 11 ou 12 anos pero semellaba ter 6 ou 7. Baixiño e moi gordo (máis de 70 kg.); “amonicaba-se” moito, pola vida solitaria que tiña que levar. Durante unha temporada formou parella co Monchiño. Aínda manterían o espectáculo somente co pequeno dúas temporadas –as dúas nas que participa o tío Delfin– mais con unha progresiva diminución de público até o desmantelamento definitivo.

O Monchiño morre novo, como todos os xigantes. A morte en idade temperá é un dos signos do xigantismo; outras manifesta-



cións son a asténia –falta ou decaimento de forzas, desgana–, o infantilismo –o timbre de voz, comportamento–, atrófia xenital e o efeminamento –imberbe, o Monchiño era capaz de extraer leite dos peitos premendo-os–.

Distinto foi o caso do tamén chamado xigante de Güin (Bande), de 2 metros de altura –cando pasaba no seu burro, arrastraban-lle os pés– mais que non padecera a enfermidade.

Tiña os pés bastante pequenos, o que o obrigaba a oscilar constantemente sobre eles, e viviu máis de 60 anos.

O Monchiño mostraba tamén signos de acromegalia (grande desenvolvemento de pés, mans e cara).

A morte chega-lle en Magarelos o día 8 de Abril de 1944; tiña 27 anos. O certificado de defunción

establece como causa do pasamento unha tuberculose pulmonar. Estivera mal durante boa parte do inverno. A xente recorda que estaba defunto o día de Xoves Santo.

O falecemento ocorreu o mesmo ano en que o seu promotor se entusiasmaba coa idea de organizar saídas ao estranxeiro (Portugal e Franza).

Cosumida a súa vida, agrandou-se a lenda. A caixa para o enterramento debeu ser construída o mesmo día en que finou; colocaron-lle dez asas para o seu traslado. O seu curmán e acompañante David contemplaba axoellado e pensativo a cara do defunto; subitamente caíu enriba do cristal da caixa e rompeu con grande estrondo. A xente pensou que fora o Monchiño, que revivía, e comezou a fuxir, presa do medo, cara ao outeiro.

O seu corpo repousa no cemitério da parroquia de San Trocado. Pouco tempo despois de lle ter dado terra, difundiu-se a noticia de que o párroco don Ramiro vendera o cadáver do Monchiño para a investigación médica. O rumor encargou-se máis tarde de responsabilizar da venda ao Ricardo e mesmo á súa nai. O cura non quedou nada conforme e nove anos após a morte do xigante, aproveitando o enterramento da nai –en 1953–, fixo abrir o cadaleito del para que os ali presentes pudesen comprobar que o seu corpo permanecera sempre no camposanto. Efectivamente, ali estaba: case intacto aínda; gravata, camisa e traxe impecábeis–, só algo afariñadas as mans, tal como relatan testemuñas vivas que o presenciaron. O ataúde da nai depositou-se sobre o do Monchiño (quizais para acabar definitivamente cos rumores inculpadores!?).

XIGANTES DOS QUE A HISTÓRIA DÁ NOTÍCIA

Semella como se eses seres fabulosos da mitoloxía grega, fillos de Xea e de Urano, quixesen humanizar-se de cando en cando para manter vivo e mesmo acrecentar o mito.

Os primeiros xigantes dos que nos fala a historia de maneira individualizada foron o filisteu Goliath e o imperador romano Maximino, aos que se lles atribuíu unha altura de 2,50 metros. Hai tamén referencias aos xigantes exípcios eunucos.

O paso do tempo irá traendo moitos outros nomes: o xigante calabrés do papa Xulio II; un membro da tribo africana dos Watusi, que chegaria aos 2,60 m.; o irlandés Magrath

(1736 –1760), de 2,25 m.; o chinés Chang, de 2,35 m.; o austríaco Wilkemnaier, morto en 1887, de 2,62 m.; o alemán Jorge Auger, de 2,53 m., que casou con unha anana que coñecera no circo no que traballaban; o helvético Constantín, de 2,60 m.; o xigante portugués Mazas e o estadounidense Hutchinson, que competiron durante algun tempo como loitadores–, a xiganta británica Amma, de 2,35 m., e outra xiganta alemá de 2,30 m., as únicas mulleres mencionadas;...

Os xigantes de estatura máis colosal dos que se dá conta son o ruso Machnov, presentado en Nova Iorque en 1906, que chagaba aos 2,80 m. e que morreu aos 24 anos, e o finés de Topinard que mediría 2,84 m.

Sen embargo, a historia médica rexista como o home máis alto do mundo até a actualidade o estadounidense Robert Pershing Wadlow, que naceu en 1918 e morreu en 1940; chegou a medir 2,72 m., pesaba 220 kg. e os pés andaban polo meio metro. Unha reprodución exacta de Wadlow está exposta na Casa do Home da Coruña (Domus).

No Museo Etnolóxico de Madrid conserva-se completo o esqueleto do xigante Agustín Luengo (!!) e Capilla, natural de Puebla de Alcocer (Badaxoz), que media 2,25 m. É probable que aínda viva hoxe o xigante paquistaní –sobrepasaba os 2,50 m.– que se converteu no centro da espectáculo para os visitantes do pavillón do seu país na Exposición Universal de Sevilla de 1992.